

TOPONIMIA MARIÑEIRA

José Ramón Vilas Costas
Bueu 2010.

Ámbito territorial do traballo: Dende a praia Area de Bon ata Cabo Udra.

1. **A Redonda:** A súa forma é a orixe do seu nome.É nome de moitos illotes e puntas.
2. **Praia Cunchosa:** Chamada así pola composición da area que forma a praia. Ten unha grande cantidade de cuncha triturada (moi miúda). Aínda hoxe é usada esta area para dar de comer as galiñas (polo calcio e area para facilitar a trituración dos alimentos no buche).
3. **Corveiro:** O nome deste penedo significa lugar alto onde se pousan os corvos, e provén de corvo mariño, ave acuática da familia dos falacrocorídeos. É un nome moi común no litoral galego: Corveiro na punta de Cabo Udra, Punta Corveira en Sanxenxo ou máis lonxe, Punta Corveira no concello de Ribadeo.
4. **Preguntouro:** Tamén é un nome bastante común no litoral galego, coa diferenza da terminación –ouro que é un rasgo dialectal da zona.
5. **Cano da cunca:** Chamada así esta enseada, pola existencia dun cano ou nacemento de auga doce á beira do mar. A auga saía verticalmente ata 10 cm. de altura no inverno por un burato na rocha, e acumulábase nunha cavidade en forma de cunca. Nos últimos anos brota menos auga. Mariñeiros por mar e por terra províanse aquí de auga doce.
6. **A Bufúa:** O seu nome provén de “bufar”, expulsar aire por un burato. Esta laxe ten na base unha pequena cova máis baixa na entrada que no fondo, polo que cando unha onda entra na cova aumenta a presión do aire e este sae á superficie con forza por un pequeno burato facendo ruído. Da raíz “bufar” aparecen ao longo da costa outros exemplos: illote Bufardo, preto de Cabo Vilán, punta Bufadoira en Fisterra, punta Bufadoiro na costa do concello de Oleiros.
7. **Niño das Grellas:** Nestes penedos altos aniñaban as “grellas” formando unha colonia.
8. **Os Picotos:** Penedos altos e escarpados formando picos.
9. **Laxe de Franco:** Xa no século XIX se lle chamaba así a está pedra pescadora. Nesta laxe suicidouuse unha muller no ano 1949.
10. **Enseada do Palancal:** Aquí afogou o señor D. Ramón Vilas Piñeiro o 10 de maio de 1929, cando estaba a pescar a cana.

11. **Ribeira do Cepo:** É unha praia moi pequena que se descobre só coa marea baixa. Cepo é a parte do tronco dunha árbore que queda chantada na terra despois de cortada, tamén chamado cañoto ou cachopa. Esta praia foi chamada así, pola cantidade de cepos e madeira que van varar nos seus arredores. Aquí naufragou unha traíña de Aldán na década dos anos 50 e foi subida despois monte arriba ata a estrada para arranxala.
12. **Punta Testada:** Testada é un golpe que se dá na testa. Neste caso é o mar o que golpea a pedra, cortada verticalmente e álzase ata 7 ou 8 metros de altura.
13. **Cabalón:** Penedo alto con forma de cabalo.
14. **A Forcadela:** Este topónimo proven de “forcada”, instrumento agrícola de 2 ou 3 gallos que se usa para cargar o toxo ou a herba no carro. Outros exemplos na costa galega son: punta A Forcada no concello do Vicedo, as Forcadiñas en Aguiño, Forcados nome nunca punta no concello de Camariñas.
15. **Laxe do Raio:** Gran laxe fracturada, por mor da súa estrutura interna, e que a cultura popular atribúe a que “foi fendida por un raio”.
16. **Enseada de debaixo da Cruz:** Chamada así porque no con redondo máis alto, que a separa da praia pequena; se colocou unha cruz en lembranza de tres afogados dun naufraxio, que o mar votou en terra a principios do século XX. Arredor do ano 1940 no mesmo lugar apareceu unha muller afogada, e poucos anos máis tarde un home do Grove, patrón da baca que afogou na illa de Ons.
Segundo me contan, os primeiros que atoparon o cadáver, non deron parte por medo; xa que naquela época a persoa que atopaba un naufrago era responsable del ata a chegada da autoridade; pero lembran un home cunha roupa de augas amarela e nova. Ao día seguinte, dúas rapazas que pastoreaban as ovelas preto da costa, achegáronse ao penedo a coller unhas lapas para comer e levaron un susto que non esquecerán na súa vida. Deron aviso ás autoridades e aínda hoxe lembran que o home non tiña roupa de augas.
A Cruz falta dende a Guerra Civil.
17. **Entre as ribeiras:** É todo o conxunto de rochas que están entre a praia Pequena e a dos Barcos.
18. **Praia de Lagos:** Do latín “lacus”, lago. Praia moi rochosa na que coa marea baixa se forman grandes zonas de auga estancada. Outra alternativa para explicar a orixe do nome Praia de Lagos ven dada polo saber de D. Salvador Vilas (“Salvador de Lago”) que foi caseiro -1906 a 1969- da granxa que circunda a praia: “Dentro da finca, ao carón da praia pequena baixa un rego de auga, e nese mesmo lugar había unha grande cantidade de “pozas” ou lagos. Usábanse, a parte de para o rego, para poñer a remollo o liño”, cultivo ao que estaba dedicada a máis grande parte da superficie da granxa.

Está dividida en catro partes:

- ✚ **Praia pequena:** Entre a enseada de **Debaixo da Cruz** e a punta de **Entre as Ribeiras**, situada máis ao Sur. Aquí atopase a única fonte da zona.
- ✚ **Praia dos Barcos:** Dende a punta de **Entre as Ribeiras** ata a **Pedra Rachada**. Chamada así por ser a mellor para fondear ou arribar as embarcacións.
- ✚ **Praia do Pozo:** Está rodeada pola parte de fóra por unha fileira de grandes rochas que a pechan case totalmente, quedando unha gran extensión de auga chamada o pozo. Ten o areal de maior extensión.
- ✚ **Praia de Garadellas:** Situada máis o Norte. Chamouse así, segundo me contan, por un home o que alcumaban “**Garadellas**”.
“Garadella” nesta zona é unha armazón de madeira, formando un cadrado na que se enrolan as liñas dos polbos para recollelas.

Ao Norte da praia desemboca un regato que forma un pequeno barranco chamado o **Rego do Seramín**. Este rego foi usado como cemiterio das vacas ata mediados do século XX.

19. **Pedra Rachada:** Antigamente era redonda, agora está rachada en tres anacos coma un queixo.
20. **Desembarcadouro:** Este topónimo provén do seu uso. Desembarcadoiro, sen o rasgo dialectal propio da zona, é o lugar polo que se embarca ou desembarca as gamelas, dornas, ...
Ten forma de peirao con paredes verticais e superficie plana. Nas rochas dos arredores aínda se conservan os atadoiros onde se amarraban a terra as embarcacións fondeadas na praia.
21. **A Galladiña:** Pedra pequena en forma de galla, instrumento agrícola. Tamén hai na zona (ver máis adiante) o topónimo **O Gallado**.
22. **Carreiro:** Coñécese por este nome a unha canle de auga que se forma coa marea baixa, e separa o penedo da praia co penedo chamado **Dentro de Lago**. Pásase esta canle, tanto polo lado Sur coma polo Norte. O Paso do Norte chámase **Os Pasales**. O paso do Sur é o máis doado e tamén o máis usado tanto polos pescadores de lañeira e cana, coma polos bateiros para acarrexar a cría de mexilón que recollen por todo o penedo de dentro de Lago.
23. **Lavaceiras:** Están situadas fronte ao **Desembarcadouro** e á **Galladiña**, e só se ven un pouco coa marea baixa, polo que sempre están lavadas polo mar.
24. **A Loba:** É a zona que se atopa a man esquerda nada máis pasar o Carreiro polo Sur. Leva ese nome unha laxe cha e longa que só é visible coa baixamar. Chámase así por ser moi traizoeira, xa que é aparentemente tranquila e doada de camiñar pero unha onda un pouco grande bárrea de lado a lado, botando ao mar a calquera que se confíe. Déronse varios casos de persoas que tiveron que ser socorridas e rescatadas do mar. (Na zona, como fronte a Mourisca, hai outras pedras con denominación semellante: As **Lobeiras de Fóra** e as **Lobeiras de Terra**).
25. **Punta de Lago:** É a última rocha con acceso a pé.
26. **Gallado:** Laxe grande formada por tres rochas en forma de galla.
27. **Laxe de Fóra:** É a laxe máis alonxada da costa.
28. **Lavadouro:** Está por terra do Gallado e o seu nome débese a súa forma inclinada semellante ao lavadoiro, pedra de lavar a roupa.
29. **Paredón:** Semella unha parede por estar cortado verticalmente pola parte de fóra. Entre o Paredón e a Ensenante remata o Carreiro na súa parte Norte.
30. **Ensenante:** Doada de localizar polo grande tamaño e porque é onde máis bate o mar e máis sobe cando hai maruxía.
31. **Golfeira dos Pintos:** Coñécese por Golfeira aos baixos, rochas nas que rompe o mar e non sobresaen do nivel do mar. Nas beiras de esta golfeilra só se pescaban pintos, de aí o seu nome.
32. **Golfeira da Ensenante:** Rompe o mar nela e provoca grandes ondas que baten coa **Ensenante**. Nos anos 30 embarrancou nela unha baca de Marín un día de mar calma e néboa moi pechada. Todos os seus tripulantes subíronse a **Ensenante** e foron rescatados polas xentes do lugar, que os botaron en terra nas gamelas e dornas fondeadas na praia dos Barcos.
33. **Con da Ensenante:** É o con máis grande dos que hai entre a **Ensenante** e a **Ensenantiña**. Ten forma redonda.

34. **Ensenantiña:** De menor tamaño ca Ensenante, marca a única entrada por mar a praia do Pozo.
35. **Carreiro da Ensenantiña:** Só se pode acceder en barco á praia do Pozo por esta zona. Doado de entrar con mar manso, pero imposible co mar bravo.
36. **Laxe das Praguetas:** Antigamente nesta rocha pescábanse moitas “praguetas”; o nome máis común deste peixe e “pargo”, da familia dos espáridos coma o sargo ou a dorada.
37. **Pozo:** Coa baixamar fórmase unha gran extensión de auga fronte a praia do Pozo e a de **Garadellas**. Pola parte de fóra está pechado o mar por unha “muralla” de rochas coma o **Seramín, Ensenantiña, Ensenante, Con da Ensenante,**... A única saída ao mar é o **Carreiro da Ensenantiña**.
38. **Isqueira:** Coñecida con este nome pola abundancia de miñocas. Está entre a punta dos **Muscallos** e a punta **Escadiña**.
39. **Salto:** Rocha grande e alta. Para chegar a ela hai que saltar varias veces dunhas rochas a outras.
40. **As Escorregaduras:** Laxe lisa e moi inclinada pola que se escorrega doadamente.
41. **Buraca do Puzo:** O nome desta pequena enseada débese a unha cova chamada igual que se atopa entre as rochas. Relacionadas coa cova, cóntanse moitas historias e lendas: que se meteu un can e nunca saiu, que chega ata igrexa, que dentro se apagaban as velas, etc. Tódalas persoas que consultei aseguran que a cova existe, pero ninguén a viu.
42. **Praia de Acoradouro:** Un “acoradoiro” é un lugar da costa con profundidade e abrigado para ancorar ou fondear as embarcacións. Foi usado dende moi antigo, xa que se atoparon restos de áncoras e barcos romanos. Nesta praia existe tamén unha rocha chamada **Desembarcadouro** pola que os mariñeiros podían baixar a terra con facilidade. Este lugar dispón de fonte con agua doce e potable. Outra teoría baseada nos mesmos restos atopados, fala dunha “áncora de ouro” para explicar a orixe do nome.
No ano 1847 a familia Agulla-Solabarrieta, adquire unha propiedade en Acoradouro co fin de ubicar alí unha salazón.
43. **Enseada do Barcelo:** O manantial fonte do **Barcelo** desemboca nesta enseada. **Barcelo** e un topónimo orográfico moi común en Galiza. Indica unha depresión orográfica en forma de barco ou barca.
44. **Enseada Fonte do Bico:** Desta fonte abasteciase de agua doce a guarnición da antiga “Batería Militar” de cabo Udra.
45. **Lombo de Besta:** Este topónimo débese claramente ao parecido da pedra co lombo do animal.
46. **A Centoleira:** A abundancia de centolas da nome a enseada e o con.
47. **Cabo Udra:** Punta máis ao Oeste do concello de Bueu. Xa citada polo Frei Sarmiento en 1745.

A la tardecita subí a la *Esculca* con el fin de verse ocultar el sol y por estar nublado no se notó cosa especial. Pero si registré infinito mar, boca de rías, rías, puntas, etc. v. g.

Divísase lo del *Grove*, lo de La Lanzada, Portonovo (que miran a la punta de *Udra* o Beluso). Lo de San Xenxo ¹¹⁵ (que mira a la punta de Bueu), y el monasterio del Poyo hacia el nordeste. Vese ¹¹⁶ cerca la punta de *Bueu* ¹¹⁷ o *monte Cabalo* ¹¹⁸. La *isla Onza*, la grande de Ons, y el *Centulo*. La punta de *Udra* o Beluso, la (110 v.) punta de *Hyo* o del *Couso* ¹¹⁹, y la ría de *Aldán*, que entra por las dichas dos puntas. Vense ¹²⁰ las islas de Syas o de Bayona ¹²¹. Vese ¹²² la ría de Vigo, y el Monte Real, o el de Bayona ¹²¹, es uno de los mejores puntos de visión que se puede imaginar.

La iglesia de *Hermelo* es muy antigua y pequeña, parecida a la de *Tambo*, y a la de la *Misarela*, con división para la capilla mayor. Hay varias sepulturas y una con un báculo, otra con cinco renglones latinos y letra góticas, que ocupan toda la losa, que está en el suelo. Copié mucho de ella y parece ser de la era MCX^o (1140) y es de notar el X^o del 4^o gótico ¹²³.

Hay una ¹²⁴ inscripción latina más moderna, que es fácil de leer, pero está detrás de los colaterales altares, media en una y media en otra, cada una de cinco renglones (111 v.) Léase de un tal *Azias* ¹²⁵ y otras a

Como curiosidade: O pontevedrés Gonzalo García de Nodal, casado cunha buenense e o seu irmán Bartolomé, o 5 de febreiro de 1619, cando estaban a explorar o estreito de Magalláns en Sudamérica nomearon un dos cabos como “cabo de Udra”.

TRABALLO REALIZADO POR: Xosé Ramón Vilas Costas,

47. Cabo Udra.

PO-1302

PO-130



Praia de
pedrón



Enseada da Centoleira.

46. A centoleira.

PO-1302

PO-1302

PO-1302

PO-1302





44. Fonte do Bico.


45. Lombo de Besta.




PO-1302



43. Enseada do Barcelo.



An aerial photograph of a rugged coastline. The land is a mix of green vegetation and brownish-grey rocky terrain. The sea is a deep blue. Two callout boxes with white backgrounds and black borders point to specific locations. The first callout box, on the left, points to a rocky point of land. The second callout box, on the right, points to a rocky area with some buildings.


Punta do
Paramio.

Laxe da
Rebaleira.



Desembarcadouro.

42. Praia de
Acoradouro.



Punta
Acoradouro.


41. Buraca
do Puzo.

A satellite image of a coastal region. The left side shows a dark, calm body of water. The right side shows a rugged, rocky coastline with some green vegetation. A white callout box with a black border and a pointer is positioned over the rocky shore. The text inside the box reads "40. As Escorregadouras.".

40. As
Escorregadouras.

Picotos.

39.
Salto.

A satellite map of a coastal region. The map shows a rocky coastline on the left and a green, vegetated area on the right. Several callout boxes with white backgrounds and black text are overlaid on the map, pointing to specific locations. The text in the boxes is: 'Laxe da Escadiña.', 'Punta da Escadiña.', 'Praia dos Muscallos.', '38. A Isqueira.', 'Punta dos Muscallos', and 'Baixo, Laxe dos Muscallos.'. The map also shows some faint text, possibly '2010 Google', repeated twice.

Laxe da Escadiña.

Praia dos Muscallos.

Punta da Escadiña.

38. A Isqueira.

Punta dos Muscallos


Baixo, Laxe dos Muscallos.

Laxe de Lago.

Rego do Seramín.

PO-1308


PO-1308




PO-1308

PO-1308


Nº 18
Paia de
Lagos.





20. Desembarcadouro

19. Pedra Rachada.

A photograph of a coastal scene with large, rounded, light-colored rocks scattered across the water's edge. A person is standing on a rock in the middle ground, holding a long, thin fishing pole that extends into the water. The water is a deep blue with some white foam from waves breaking in the background. The sky is not visible. A white speech bubble with a black border is positioned in the upper middle part of the image, containing text in Portuguese.

Moncho de Lago
pescando a lañeira
no Carreiro

Cabezo de fóra
da Manoteira

27. Laxe
de Fóra

26.
Gallado


28. Lavadouro


25. Punta
de Lago

Golfeira da
Manoteira

Laxiña

24. A Loba






12. Punta
Testada

Cabalón
Pequeno

13. Cabalón

14. Forcadela



22. Carreiro

Dentro
de Lago

21. Galladiña

19. Pedra
Rachada

Praia dos
Barcos

Praia de
Lagos

23. Lavaceiras

Con de
Gómez

20. Desembarcadouro

17. Entre as
Ribeiras

30. Ensenante

33. Con da
Ensenante

34. Ensenantiña

35. Rego da
Ensenantiña

Seramín

Punta
do Pozo

37. O Pozo.

Praia
do Pozo




33. Con da Ensenante

34. Ensenantiña

Con do Pozo

Punta do Pozo.

Praia do Pozo, Lagos



22.O Carreiro.

29. O Peredón.

Os Pasales.

26. O Gallado.

30. A Ensenante.

31. Golfeira dos Pintos

32.Golfeira da Ensenante.

Con da Ensenante.

34.Ensenantiña.

35. Carreiro da Ensenantiña.


36. Laxe das Praguetas.

Praia do Pozo

Praia de Garadellas

O Seramin.

Con de Vitorio.



Praia de Garadellas



Ensenante

Praia do Pozo.

Carreiro


Praia dos Barcos


Praia Pequena

Punta de Lago

A Loba

Debaixo da Cruz.





Con da Cruz

16. Enseada de debaixo da Cruz

15. Laxe do Raio

Baixo:
Golfeira da Manoteira

Rego da Forcadela


Con de Gómez

A Forcadela

O Cabalón

Cabalón Pequeno





Mas...

Mapa

Satelite

Relieve

Con da Testada.

12. Punta Testada.

Enseada Ribeira do Cepo.

Punta do palançal.

11. Ribeira do cepo.

10. Enseada do Palançal.

9. Laxe de Franco.


50 m
100 pies




Laxe de Torres.

7. Niño das Grellas.

6. A Bufúa.




An aerial photograph of a river with rapids. The water is white and turbulent as it flows over rocks. The surrounding land is green with trees and some buildings. Three callout boxes with black outlines and white backgrounds point to specific features: '5. Cano da Cunca.' points to the upper rapids, '4. Preguntouro.' points to a rocky section in the middle, and '3. Corveiro.' points to a lower section. A scale bar is in the bottom left, and a copyright notice is at the bottom.

5. Cano da Cunca.

4. Preguntouro.

3. Corveiro.



2. Praia Cunchosa.

1. A Redonda

Paia Area de Bon.

50 m
100 pies